



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Centro Público Integrado Terras de Maside



CPI Terras de Maside

Outeiro Grande, s/n  
32570 – Maside OURENSE  
Teléfono 988685001  
cpi.terras.maside@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# PLAN DE CONVIVENCIA

**C.P.I.TERRAS DE MASIDE**



# ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN**
- 2. MARCO LEXISLATIVO**
- 3. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL:**
  - 3.1 O ALUMNADO**
  - 3.2. ANÁLISE DO CLIMA DE CONVIVENCIA NO CENTRO**
- 4. OBXECTIVOS:**
  - 4.1 En relación coa comunidade educativa.**
  - 4.2 En relación co centro.**
  - 4.3 En relación coas familias.**
  - 4.4 En relación co profesorado.**
  - 4.5 En relación co alumnado.**
- 5. ACTUACIÓNS:**
  - 5.1 PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E A CONSECUCIÓN DUN ADECUADO CLIMA NO CENTRO.**
  - 5.2 CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR**
- 6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**
- 7. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**
- 8. ANEXOS**

## 1. XUSTIFICACIÓN

No actual contexto social multicultural e cambiante é necesario proveer aos nosos mozos e mozas de ferramentas que os capaciten para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.

A lexislación actual faise eco desta necesidade polo que establece que os centros docentes deben fomentar a convivencia entre os membros da comunidade educativa a través de plans integrais de actuación, que contemplan a prevención de situacións conflitivas, a resolución pacífica dos conflitos que poidan producirse e, no seu caso, o tratamento do alumnado con comportamentos que supoñan un desaxuste respecto ás normas de convivencia do centro.

A elaboración e o desenvolvemento deste Plan de Convivencia é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, alumnado e familia) para o fomento dunha boa convivencia no centro.

## 2. MARCO LEXISLATIVO

- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (BOE 141 de 04/05/2006), LOE no seu artigo 1 expón os seguintes principios:
  - "A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
  - A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
  - O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres".
- **Lei 27/2005**, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz (BOE 287 do 01/12/2005).
  - **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da **educación infantil** na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9-9-2014), no artigo 3 establece os obxectivos da educación primaria. Os máis relacionados con este Plan son:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para ou exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
  - Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía non ámbito familiar e doméstico, si como nos grupos sociais con que se relaciona.
  - Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
  - No anexo I, establece as competencias clave, unha delas é a competencia social e cívica. O Plan de Convivencia vai contribuír ao desenvolvemento da mesma dunha maneira moi explícita.
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29/06/2015), no artigo 10 establece os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria. Entre eles hai que destacar algúns moi relacionados con este Plan:
    - Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos e respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
    - Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
    - Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e as súas relacións con outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos".
    - No artigo 3, establece as competencias clave. Unha delas é a "competencia social e cívica" . Este Plan de Convivencia vai contribuír ao desenvolvemento da mesma dunha maneira moi explícita.

- **Decreto 7/1999**, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os **centros públicos integrados** de ensino non universitario.
- **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

### 3. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL

#### 3.1.- O ALUMNADO

Ao noso centro acoden un importante número de alumnos/as procedentes de familias con diversos problemas que podemos agrupar en:

- Problemas económicos:
  - Precariedade dos traballos.
  - Moitas familias perciben unicamente as pensións das persoas maiores e/ou axudas asistenciais da administración.
- Problemas de tipo social:
  - Familias monoparentais coa carencia afectiva dun dos proxenitores, cando non o conflito emocional polo enfrontamento dos pais ou da aparición de persoas novas no núcleo familiar (parella do pai ou a nai).
  - Nenos/as ao coidado dos avós pola ausencia ou despreocupación dos proxenitores.
- Problemas sanitarios:
  - Falta de hábitos de vida saudables, con importante consumo de alcohol nos proxenitores.
- Problemas culturais:
  - Diferenzas culturais coa poboación xitana.
  - Nivel sociocultural baixo e como consecuencia pouca estimulación cultural.
  - Influencia das novas tecnoloxías que ocupan a meirande parte do tempo de lecer.
  - Infravaloración da escola que repercute nunha falta de colaboración familiar.

Estas situacións familiares inflúen no autoconcepto, autoestima, afectividade, emocións, valores morais, actitudes ante situacións de conflito e condicionan aos nenos/as no seu desenvolvemento persoal, creándolles problemas de aprendizaxe: falta de motivación, falta de atención, baixo nivel de aspiracións, pasividade, tristeza, ...

Á marxe destas problemáticas do ámbito familiar, o alumnado tamén sofre a carencia de recursos socioculturais da zona, o concello non dispón dunha biblioteca municipal. Ademais os rapaces dos pobos atópanse illados sen nenos cos que compartir o tempo libre.

A estas familias temos que engadirlle a situación da **comunidade xitana** que acolle o centro, da que podemos destacar as seguintes características:

- Falta de concienciación cara a escola, desatendendo o dereito e deber da escolaridade: escolaridade tardía, breve e intermitente. Isto provoca:
  - o Retraso académico en relación coa idade cronolóxica.
  - o Progreso moi lento nas aprendizaxes.
  - o Diferentes niveis académicos dentro da aula que se agrava nos cursos superiores.
- Escala de valores diferentes coas consecuentes dificultades de integración co resto do alumnado.

Traballar con este tipo de alumnado representa un reto e unha tarefa difícil nun terreo pouco experimentado, tanto a nivel de formación como de materiais e recursos axeitados.

A súa incorporación ás aulas ordinarias prodúcese nunha situación de desvantaxe respecto ao resto do alumnado, xa sexa polas deficiencias na súa experiencia educativa previa (ao iniciar máis tarde a escolarización) ou polos déficits de carácter sociocultural. O analfabetismo dos pais, a falta de medios (libros, espazos onde estudar), a ausencia de exemplos a seguir ou a sobreprotección das fillas, son obstáculos aos que se enfronta o alumnado xitano. O deterioro social aínda é maior no caso do alumnado xitano que acollemos xa que proceden de asentamentos chabolistas, co que os obstáculos son "insalvables" mentres non se interveña sobre o contorno.

### **3.2.- ANÁLISE DO CLIMA DE CONVIVENCIA NO NOSO CENTRO**

Para elaborar este documento é necesario facer un análise da realidade do noso centro, que conflitos existen e cal é o clima de convivencia que queremos favorecer.

Por elo se comezou coa revisión dos documentos do centro complementando con enquisas aos diferentes membros da comunidade escolar: profesorado, alumnado e familias, das que se obtivo a seguinte información:

- VALORACIÓN DOS PAIS/NAIS (a través da ANPA):
  - o Alta desmotivación escolar en gran parte do alumnado e que repercute negativamente no alumnado que traballa para acadar bos resultados, xa que son obxecto de burlas e discriminados/as polo resto do grupo.
  - o Conflitos nos períodos de lecer que se agravan cando o alumnado non está baixo a supervisión do profesorado do centro.

- VALORACIÓN DO PROFESORADO DE INFANTIL:
  - Ambiente de grande interese e motivación polas actividades plantexadas.
  - Faltas de normas e rabietas, nalgúns casos.
  - Alumnado moi participativo.
- VALORACIÓN DO PROFESORADO DE PRIMARIA:
  - Relacións positivas en xeral.
  - Condutas negativas máis frecuentes nos máis pequenos: pelexas polo material de traballo ou xogos e algunhas formas de discriminación.
  - Falta de traballo cooperativo na aula que impide que o alumnado interiorice o concepto de grupo.
  - Falta de coordinación entre o profesorado por incompatibilidade de horarios.
  - Disrupcións na aula por falta de hábitos, normas e coa intención de chamar a atención.
  - Insultos entre compañeiros/as por afán de liderazgo.
  - Vocabulario inadecuado para chamar a atención
- VALORACIÓN DO PROFESORADO DE SECUNDARIA:
  - Alto nivel de agresividade verbal con connotacións sexistas, homófobas e xenófobas.
  - Falta de interese polo estudo, desmotivación provocando disrupcións na aula.
  - Falta de preocupación familiar polo rendemento escolar e comportamento dos fillos/as.
  - Rexeitamento entre parte do alumnado cara o alumnado máis traballador e cara os que presentan un comportamento inmaduro.
- VALORACIÓN DO ALUMNADO DE PRIMARIA:
  - Ambiente de traballo pouco favorecer nas aulas: falta de silencio por non saber escoitar.
  - Falta de traballo persoal, sobre todo no último ciclo.
  - Falta de control no comedor.
  - Falta de vixilancia no recreo despois do comedor.
  - Certa agresividade entre o alumnado, manifestada sobre todo por insultos que nalgún caso derivan en pelexas, especialmente cando xogan ao fútbol.
- VALORACIÓN DO ALUMNADO DE SECUNDARIA:
  - Ambiente da aula pouco favorecedor para o traballo: ruído ambiental provocado polo propio alumnado da aula e polos pequenos cando están no patio.
  - Escasa participación do alumnado e críticas dos compañeiros/as cara os máis participativos.
  - Escaso traballo persoal.

- Falta colaboración de parte do profesorado para motivar no proceso de aprendizaxe, por exemplo, explicacións moi rápidas.
- Falta vixiancia no comedor e no patio cando están os pequenos.

Considérase que os aspectos fundamentais nos que hai que incidir son os seguintes:

- A nivel do alumnado:
  - Falta de motivación que conleva as interrupcións na aula, non participación no proceso de ensino-aprendizaxe e falta de traballo persoal.
  - Falta de habilidades sociais nas relacións cos demais que se reflexan especialmente na agresividade verbal e falta de respecto entre os rapaces/zas.
- A nivel do profesorado/centro:
  - Deseño de programacións coordinadas e adaptadas.
  - Dar resposta ás necesidades educativas do alumnado aplicando medidas de atención á diversidade: desdobres, agrupamentos, ...
- A nivel familiar:
  - Falta de colaboración e interese por falta de formación e información.
  - Apertura do centro ás familias.

#### **4. OBXECTIVOS**

O plan de convivencia que elaboramos para o C.P.I. Terras de Maside é froito do consenso e implicación de todos os sectores que formamos a comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias). Os principios fundamentais que rexen a nosa labor son os que se recollen a continuación:

- Lograr unha boa convivencia no centro capaz de xestionar os conflitos, cando se presenten, do xeito máis positivo posible.
- Entendemos a convivencia como contidos a desenrolar para a formación integral do alumnado, é dicir, débese ter en conta a convivencia e a participación democrática como parte constituínte das aprendizaxes.
- Mais ca unha mera aplicación de medidas disciplinarias, a convivencia deberá converterse nun fin educativo a traballar. Para acadar unha boa convivencia e lograr un clima participativo e democrático é preciso potenciar estas condutas (asamblea de clase, elección democrática de delegado/a, participación na comisión para actividades extraescolares...). Ademais, compre desenrolar nos alumnos e alumnas unha serie de valores e habilidades de comunicación e relación social.



- O conflito é inherente á vida en común das persoas nunha sociedade libre e democrática. Esta afirmación, en contra do que adoita suceder, é preciso entendela como algo positivo, como un medio de aprendizaxe para a busca dialogada, pacífica e construtiva de solucións a ese conflito.
- A importancia do respecto polos saberes e valores das persoas maiores.
- Deixando de lado o idealismo, hai que ser conscientes de que, aínda existindo unha boa xestión global da convivencia, os problemas xurdirán en múltiples momentos. A prevención será a nosa primeira estratexia de referencia, en forma de actividades de sensibilización previa (actividades dos Plans de Acción Titorial), e de información e divulgación. E, cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, haberá que asegurarse de que esta teña un propósito formativo, garantindo tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do individuo que requira a aplicación de medidas disciplinarias. En todo caso, a disciplina deberá favorecer obxectivos educativos que estimulen cambios cognitivos, emocionais e condutuais na persoa sancionada.

Estes principios básicos concrétanse nos seguintes obxectivos que abarcan a todos e cada un dos sectores da comunidade educativa, coa intención de implicalos na consecución dun bo clima de convivencia no noso centro educativo:

#### **4.1 En relación coa comunidade educativa:**

- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Desenvolver os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, asentada nos hábitos democráticos de convivencia así como nunha cultura cívica e nos valores de respecto e de tolerancia, integrando as achegas doutras culturas.
- Favorecer e potenciar a comunicación entre os diversos sectores da comunidade educativa, os servizos sociais e os centros de saúde, de xeito que se acade unha maior eficacia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Colaborar de forma fluída cos maiores da residencia de anciáns "Casa Grande" de Maside.
- Fomentar a coordinación entre os distintos niveis da administración educativa e con outras institucións directamente implicadas en temas de convivencia, desde unha perspectiva de prevención e intervención interdisciplinar.
- Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan xestionar os conflitos de forma tolerante e non violenta.
- Promover a relación de igualdade entre mulleres e homes.

#### **4.2 En relación co centro:**

- Mellorar o clima de convivencia en beneficio dunha educación de calidade.
- Fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións da violencia.
- Facilitar a prevención, detección e resolución dos conflitos.
- Tomar conciencia da existencia dos conflitos e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.
- Promover a investigación sobre o estado actual da convivencia no centro, para mellorar o coñecemento real do fenómeno da violencia escolar así como para avaliar as iniciativas e intervencións que se emprendan.
- Impulsar programas de prevención da conflictividade e da violencia, promovendo a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar; favorecendo a súa difusión, o intercambio de experiencias e o aproveitamento de materiais e de recursos.

#### **4.3 En relación coas familias:**

- Fomentar a implicación das familias, tanto na transmisión de valores como na súa participación nas actividades do Centro e na colaboración co profesorado na tarefa educativa.
- Sensibilizadas sobre a importancia de previr condutas violentas nos seus fillos e fillas.
- Dotalas de ferramentas para detectar a implicación das súas fillas e fillos en conflitos e darlles pautas para a intervención.
- Favorecer a reflexión sobre a importancia do estilo de interacción familiar.

#### **4.4 En relación co profesorado:**

- Promover a cultura da paz e mellorar a convivencia escolar establecendo canles de comunicación entre o profesorado dos distintos

niveis, ciclos, etapas educativas e departamentos e facilitando o diálogo e a participación real e efectiva de todos na vida diaria do Centro.

- Proporcionarlles a formación que lles permita avanzar na comprensión da natureza deste fenómeno e no coñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora.
- Formalos na mediación como estratexias para resolver conflitos pacificamente.
- Promover a súa implicación na posta en marcha das medidas contempladas neste plan.

#### **4.5 En relación co alumnado:**

- Sensibilizalo sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento, evitación e control de problemas de convivencia.
- Fomentar actitudes positivas no comportamento e na linguaxe, creando hábitos de respecto mutuo.
- Desenvolver actitudes de responsabilidade no uso e coidado do material e das instalacións.
- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión,...
- Valorar de maneira positiva a diversidade cultural, fomentando actitudes de convivencia e de respecto á diferenza.
- Desenvolver o sentido da responsabilidade social e do compromiso persoal.
- Dotarlles de estratexias e recursos para a prevención e resolución pacífica dos seus conflitos, facilitando a comunicación e o diálogo e expresando os seus sentimentos.
- Valorar o diálogo e a mediación como unha vía de solución de conflitos.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociais e de comunicación que permitan comprender os diferentes puntos de vista e convivir en sociedade:
  - Aprender a dialogar, participar en conversacións, saber escoitar...
  - Comunicar aos demais os propios desexos con cortesía e amabilidade.
  - Aprender a cumprir compromisos, pedir desculpas e aceptar erros.
- Desenvolver a capacidade de autocontrol e estimular a autoestima positiva.

## 5 ACTUACIONES

### 5.1.- PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E A CONSECUCCIÓN DUN ADECUADO CLIMA NO CENTRO

Entendemos a prevención como a principal recomendación para a mellora da convivencia. Por iso toda a comunidade educativa debe estar implicada e asumir a realización das seguintes actividades:

#### - A nivel xeral do centro.

- a) **Difusión** do Plan a todos os sectores da Comunidade Educativa para a súa aplicación: materiais impresos co máis significativo do plan, instalación do seu contido en ordenadores do centro, información do plan na 1ª reunión coas familias, información do plan ao alumnado a través das titorías.
- b) Colocación dun **buzón** a disposición dos alumnos/as e das familias para que fagan suxerencias de que cousas se poderían facer para mellorar a convivencia no centro, comunicar ao centro as presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidación, etc.
- c) Realización de **campañas de actividades** que fomenten valores de respecto e tolerancia, incidindo no coidado do centro e nas interaccións persoais:
  - “Nove meses, nove causas” (ver anexo)
  - Concurso “Aulas limpas” (ver anexo)
- d) Fixar un **Calendario Escolar de Celebracións – Conmemoracións** co obxectivo de favorecer, a partir dos feitos que se rememoran, a adquisición de actitudes e valores positivos (ver anexo).
- e) **Programa de mediación** para a xestión de conflitos entre iguais (ver anexo).
- f) **Programa de mediación social** para a integración do colectivo xitano (Ver PAD).
- g) Optimización dos recursos humanos do centro para a implementación de **medidas de atención á diversidade**, co obxecto de previr o fracaso escolar e dar resposta ós diferentes intereses e necesidades educativas do alumnado.
- h) Incluir a **acción titorial** no horario do alumnado de primaria para o desenvolvemento do plan de acción titorial proposto polo departamento de orientación en coordinación cos titores/as e xefatura de estudos.

#### - A nivel do profesorado:

- a) Incluír nas programacións dos departamentos e programacións didácticas actividades para traballar co alumnado a formación en actitudes, valores e normas.

Incluír tamén nas programacións, actividades de recuperación, reforzo e profundización para atender á diversidade e previr o fracaso escolar.

- b) Planificar nas programacións didácticas situacións de “aprendizaxe cooperativo”. Eses aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta á diversidade do alumnado.

**- A nivel do alumnado:**

- a) Seguir a liña de traballo establecida no PAT incidindo no 1º trimestre en contidos que preveñan a aparición de problemas de comportamento: normas, dereitos e deberes, cohesión de grupo e hábitos e técnicas de estudo. Así como temas relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, valores democráticos e a dinámica de grupos.
- b) Informar das normas de convivencia na xornada de acollida do alumnado ao inicio de curso e ao novo alumnado que se vaia incorporando ao longo do curso. A partir delas cada titor/a elaborará co seu alumnado as normas de convivencia da súa aula que serán claras e concisas e avaliarase cada trimestre o cumprimento desas normas.
- c) Fomentar a participación en xogos cooperativos que poden ser un bo antídoto contra a violencia: “O patio escolar, espazo de convivencia” (ver anexo).

**- A nivel das familias:**

- a) Propiciar e incentivar a participación das familias no centro deseñando actividades nas que poidan participar.
- b) Formar ás familias no proceso educativo dos fillos/as para promover uns hábitos de vida saudables, previr e abordar as posibles situacións contrarias ás normas de convivencia, alteracións do comportamento... Con este obxectivo cada trimestre, co boletín de notas, entregaranse pautas educativas sobre temas de interese, elixidos en función das necesidades de cada grupo.

**5.2.- Criterios de actuación respecto ao alumnado que presenta alteracións condutuais que dificultan a convivencia escolar e ante situacións de posible acoso escolar.**

- 5.2.1** Plan de actuación para a corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia (Ver normas do centro).
- 5.2.2** Plan de actuación nos casos de acoso escolar. Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Xunta de Galicia (ver anexo).

**5.2.3** Programa de habilidades sociais (ver anexo).

**5.2.4** Programa de mediación escolar (Ver anexo).

## **6 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

### **6.1 Recursos humanos**

#### **6.1.1. Equipo directivo:**

- Dinamizar e coordinar as actividades previstas no plan, así como a súa avaliación.
- Pór ao servizo do plan os recursos do centro.
- Crear condicións para favorecer a participación de toda a comunidade educativa.
- Coordinar as actuacións xunto co equipo que compón o Observatorio de convivencia.
- Introducir os cambios necesarios para o desenvolvemento do plan nas estruturas organizativas e a xestión do centro.
- Favorecer un desenvolvemento coherente do plan a través da comisión de coordinación pedagóxica.
- Garantir a actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia para evitar ambigüedades e contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos en presenza de diferentes profesores/as.

#### **6.1.2. Claustro de profesores:**

- Realizar na súa práctica docente os cambios necesarios para actuar en coherencia cos principios educativos do plan e orientar aos seus alumnos e alumnas en consecuencia.
- Implicarse nas diferentes actuacións xerais de desenvolvemento do plan.
- Reflexionar sobre o proceso seguido para mellorar o plan de convivencia.

#### **6.1.3. Comisión de coordinación pedagóxica:**

- Supervisar as actuacións relativas ao plan.
- Participar activamente na planificación e deseño de actividades, seguimento e avaliación do proxecto.

#### **6.1.4. Consello escolar:**

- Aprobar o plan de convivencia.

- Ser informado trimestralmente das actuacións do observatorio de convivencia.
- Facer aportacións para o plan de convivencia.

**6.1.5. Departamento de orientación:**

- Colaborar activamente no deseño e desenvolvemento do plan.
- Asesorar, no caso de que a problemática o requira, nos procedementos de actuación ante problemas do comportamento, acoso e intimidación.
- Por a disposición do profesorado titor os materiais necesarios para levar a cabo as actividades do Plan.
- Diseñar e aplicar programas individualizados para o alumnado con problemas reiterados de conduta.

**6.1.6. Departamento de actividades extraescolares e complementarias:**

- Diseñar actividades que melloren a convivencia.

**6.1.7. Profesorado titor:**

- Desenvolver as actividades previstas no plan de acción titorial, en relación coa convivencia.
  - Plantexarán actividades encamiñadas a fomentar a convivencia en xeral.
  - Dedicarán as primeiras sesións de titoría a explicar as normas de convivencia do centro, a elección do delegado, etc.
  - Elaborarán, en relación co alumnado e o resto do profesorado, as normas de convivencia da aula.
  - Impulsarán unha dinámica de grupo na que se vexa potenciado o traballo cooperativo, a cohesión do grupo, a tolerancia e o respecto recíproco, a formación en valores persoais e sociais que favorezan a adquisición de hábitos de traballo, relación social e comunicación equilibrados.
- Informar á familia das faltas de asistencia reiteradas dos seus fillos/as, e das faltas cometidas.
- Solicitar á xefatura de Estudos que convoque unha reunión do equipo docente cando xurdan problemas de carácter colectivo para a adopción de medidas conxuntas de todo o profesorado.
- Deberán ser informados das amoestacións e sancións impostas aos seus titorandos.

#### **6.1.8. Alumnado.**

- Asumir as súas responsabilidades.
- Respetar as normas do centro.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do plan de convivencia.
- Aprender a ser coherente cos valores do centro.

#### **6.1.9. Familias:**

- Colaborar nas actividades do plan de convivencia ás que se lles invite a participar
- Educar aos seus fillos e fillas en coherencia cos principios educativos do plan de convivencia
- Realizar o seguimento das actitudes dos seus fillos e fillas.
- Colaborar co profesorado.
- Cooperar nas actividades do centro.
- Informar ao titor/a se os seus fillos ou fillas sofren algunha alteración do comportamento ou situacións de acoso e intimidación para actuar rapidamente.
- Colaborar co centro nas medidas impostas aos seus fillos/as no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación coa finalidade de modificar ditas condutas e favorecer un desenvolvemento positivo da personalidade dos seus fillos/as.
- Para unha boa convivencia pídeselles ás familias:
  - Que valoren, apoiem e reforzen o labor do profesorado na aula.
  - Que fomenten nos seus fillos e fillas valores como o respecto, a responsabilidade e a solidariedade.
  - Que revisen que teñan o material de clase .
  - Que comproben se dedican na casa o tempo necesario ao estudo.
  - Que a relación co centro non sexa soamente de queixa senón tamén de suxestións.
  - Compromiso na esixencia de responsabilidades ás súas fillas e fillos.

#### **6.1.10. Persoal non docente:**

- Informar ao Equipo Directivo de calquera situación que observen de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Colaborar, no ámbito das súas función, no desenvolvemento do plan.

### **6.2 Recursos materiais:**



Os recursos materiais necesarios serán moi variados: charlas explicativas, libros de texto, enciclopedias, estación meteorolóxica do centro, apeiros de labranza, documentación informativa en distintos soportes....

### **6.2.1 Páxinas web:**

- PÁXINA WEB DO PLAN GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA : Portal de convivencia.  
<http://www.convivencia.mec.es/>
- MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES : Observatorio de la infancia.  
<http://www.mtas.es/SGAS/FamiliaInfanc/infancia/Observatorio/ObsInfancia.htm>
- ANDALUCÍA: "Observatorio de la infancia en Andalucía".  
<http://www.juntadeandalucia.es/observatoriodelainfancia/oia/esp/index.aspx>
- ANDALUCÍA: "Educación para la convivencia y la paz".  
[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/educacion\\_paz.php3](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/educacion_paz.php3)
- ARAGÓN: "Cuento Contigo" Portal de convivencia.  
<http://catedu.es/convivencia/>
- ASTURIAS: Documentación sobre acoso escolar.  
<http://www.educastur.princast.es/recursos/diversidad/acoso/>
- ASTURIAS: "Observatorio de la Infancia y la Adolescencia".  
<http://www.graficosweb.com/observatorio/>
- BALEARES: "Observatori per a la Convivència Escolar".  
<http://www.observatoriconvivenciaescolar.es/>
- CANARIAS: Portal educativo  
<http://www.educa.rcanaria.es/>
- CASTILLA-LA MANCHA : "Convivencia escolar".  
<http://www.jccm.es/educacion/valores/construir/convivencia.html>
- CASTILLA-LEÓN : "Convivencia y conflicto".  
<http://www.educa.jcyl.es>
- CATALUÑA : "Unitat de Suport a la Convivència Escolar".  
<http://www.xtec.net/innovacio/convivencia/usce.htm>
- MURCIA: "Convivencia escolar".  
<http://www.carm.es/educacion>
- EXTREMADURA: "Si te molestan, no calles".  
<http://www.educarex.es/acosoescolar/>

- MADRID: "Anti-Bullying".  
<http://www.acosoescolar.info/index.htm>
- LA RIOJA: "Convivencia escolar y atención a casos de acoso escolar".  
[http://www.educarioja.org/educarioja/html/alm/acoso\\_escolar.html](http://www.educarioja.org/educarioja/html/alm/acoso_escolar.html)
- NAVARRA: "Bullying. Quítate la venda". Asesoría de convivencia.  
<http://www.pnte.cfnavarra.es/convive/>
- PAÍS VASCO: "www.ikasle.net".  
<http://www.ikasle.net>
- VALENCIA: "Orientados".  
<http://www.cult.gva.es/orientados/>

#### OUTROS PORTAIS

- Seminario Galego de Educación para a Paz: Fundación Cultura de Paz.  
<http://www.sgep.org/>
- Proxecto Atlántida: Educación e culturas democráticas.  
<http://www.proyecto-atlantida.org/>
- Cruz Roja Juventud : Páxina da mocidade da Cruz Vermella.  
<http://www.cruzrojajuventud.org/>
- Educación en valores : Convivencia.  
<http://www.educacionenvalores.org/>
- Orientaeduc.com : Convivencia escolar.  
<http://www.orientaeduc.com/convivencia-escolar>
- Enrédate con UNICEF: Violencia escolar  
<http://www.enredate.org/>
- Maltrato entre alumnos: Bullying  
<http://www.xtec.es/~jcollell/index.htm>
- Visionary: Violencia escolar e Bullying.  
<http://www.bullying-in-school.info/es/content/home.html>
- Centro Reina Sofía: Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia.  
<http://www.gva.es/violencia/>

#### **6.2.2 Actividades diseñadas no marco do PAT, en relación coa convivencia.**

#### **6.2.3 Recursos bibliográficos existentes na biblioteca e no departamento de orientación.**

## **7 DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

### **7.1 Difusión:**

- Materiais impresos co mais significativo do plan.

- Informar nas reunións colectivas coas familias.
- Informar ao alumnado a través do profesorado titor.
- Blogue do horto escolar

## **7.2 Seguimento:**

A Comisión de Convivencia analizará o Plan de Convivencia e presentará unha proposta de modificación aos diferentes sectores da Comunidade Educativa, cando o crea oportuno. Dita proposta levarase ao consello escolar para a súa aprobación, se procede.

## **7.3 Avaliación:**

### **7.3.1 Criterios de avaliación:**

- ✓ Grao de implantación.
- ✓ Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- ✓ Grao de eficacia das medidas propostas:
  - Do programa.
  - Dos recursos humanos.
  - Dos recursos materiais.
  - Dos métodos didácticos.
  - Dos propios obxectivos.
  - Das actividades de titoría.
  - Das actividades complementarias e extraescolares.
  - Clima de convivencia.
  - Participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
  - Modificacións introducidas no plan inicial.

### **7.3.2 Temporalización:**

A avaliación do plan realizarse a través da Comisión de convivencia que elaborará un informe para recoller as incidencias producidas nese período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.

O claustro e o consello escolar estudarán o citado informe e verase se se van conseguindo os obxectivos e se hai que modificar algún aspecto.

Ao finalizar o curso elaborarse unha memoria que se incluírá na memoria anual do centro.

### **7.3.3 Instrumentos:** observación, entrevistas, cuestionarios.